



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS DE IMPULSO DE EMPRESA DIXITAL E PROFESIONALIZACIÓN DAS PEMES

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2018

Por unha banda, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e no seu nome dona Mar Pereira Álvarez, na súa calidade de directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, nomeada polo Decreto 91/2012, do 16 de marzo, en virtude das facultades que derivan do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos.

Doutra, o Instituto Galego de Promoción Económica, e no seu nome e representación don Juan Cividanes Roger, en calidade de director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, en virtude das facultades que lle confire o artigo 12 da Lei 5/1992, de 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A Amtega está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia e conta con personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos establecidos pola normativa vixente e ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación

e o desenvolvemento tecnolóxico.

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes competencias e funcións: a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Segundo.- O Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante Igape) é un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios adscrito á Consellería de Economía e Industria, tal e como se recolle na Lei 5/1992, de 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

O Igape, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 5/1992, créase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

Terceiro.- O Goberno galego a través da Axenda Dixital de Galicia 2020, liderada pola Amtega e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 30 de abril de 2015, ten o obxectivo de impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, que contribúa a dar resposta a desafíos aos que se enfrenta Galicia en todas ás áreas de desenvolvemento.

A Axenda Dixital de Galicia 2020 establece entre os seus obxectivos, promover o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na Comunidade.

Entre os desafíos a acometer para dar resposta a esta liña estratéxica establécese o de dar o paso cara á a profesionalización das PEMEs, poñendo ao alcance destas ferramentas accesibles, vinculadas aos seu negocio. Neste senso, a Axenda Dixital establece que esta aposta converxe co encomendado na Axenda da Competitividade Galicia, que prevé medidas específicas para impulsar a profesionalización das PEMEs

Cuarto.- A Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0, liderada pola Consellería de Economía e Industria e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 13 de maio de 2015, aspira a modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade, e impulsando a fabricación de produtos diferenciados e de calidade. En particular, o "Programa de impulso ás persoas e organizacións" propón como un dos seus enfoques estratéxicos a profesionalización das PEMEs, con medidas coma a prestación de servizos especializados de asesoramento ou a potenciación da integración das TIC na empresa.

Quinto.- Con data 31 de xullo de 2013 asinouse o *Acordo de coordinación competencial entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e as Consellerías de Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; e Traballo e Benestar para o desenvolvemento do "Programa TransformaTIC"*.

O Programa TransformaTIC dá resposta á necesidade de contar cunha estratexia única dende a Xunta de Galicia para contribuír ao crecemento e desenvolvemento do sector da economía do coñecemento de Galicia a través do desenvolvemento de actuacións para dinamizar o tecido rexional TIC mediante a aplicación de solucións en sectores tradicionais e sectores estratéxicos para Galicia; aumentar a capacidade tecnolóxica das PeMEs; impulsar a produtividade de todos os sectores produtivos e favorecer o emprego e a xeración de riqueza en Galicia. Así mesmo, inclúe o desenvolvemento de iniciativas para impulsar a implantación das TIC nas PeMEs de Galicia e o uso dos servizos TIC por parte de todos os sectores produtivos.

Tendo en conta os antecedentes expostos, cómpre coordinar as competencias, capacidades e esforzo técnicos, económicos e financeiros de ambas entidades, co fin de aproveitar as sinerxías e complementariedade das actuacións encamiñadas a conseguir os obxectivos fixados no Programa TransformaTIC e na Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0. Para isto, acódesse a un suposto de "colaboración dentro do sector público" regulado polo título I da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. O instrumento ao que se acode neste suposto é o regulado no artigo 10 apartado e) desta Lei, "Acordos de colaboración ou cooperación para a financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común". Estes acordos desenvólvense nos artigos 15 e 16 da Lei 14/2013.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Amtega e o Igape para o financiamento conxunto do contrato, que se leve a cabo para o desenvolvemento e execución das seguintes actuacións:

- Servizos de asesoramento especializado para o desenvolvemento estratéxico, profesionalización, innovación e incorporación efectiva e continua das TIC nos sectores produtivos de Galicia, apostando pola modernización e innovación coa finalidade de incrementar a competitividade e a produtividade e asegurar o crecemento sustentable.

A execución destas actuacións materializaranse a través dun catálogo unificado de servizos ás PeMES nos ámbitos citados prestados directamente por axentes colaboradores que se contratarán a través dun procedemento aberto, ao abeiro do previsto nos artigos 156 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A oferta destes servizos pretende mellorar o futuro das empresas galegas mediante a adquisición de novas competencias e incorporación de tecnoloxía, que lles permitan gozar de vantaxes competitivas. Adicionalmente, é tamén un propósito deste catálogo de servizos a súa aplicación a un conxunto significativo de PEMES co fin de que se produza un impacto real no tecido produtivo. Tendo en conta a ampla cantidade de intervencións que se levarán a cabo e a súa especialización, conclúese que non sería posible prestalos con medios propios. Estas mesmas causas, xunto coa especificidade dos destinatarios (PEMEs galegas) levan á imposibilidade de ser cumpridamente satisfeitos mediante autoprovisión por parte doutros órganos ou entidades instrumentais do sector público.

O devandito catálogo articularase coa contratación mediante procedemento aberto por parte do Igape de servizos desenvolvemento estratéxico, profesionalización, innovación e adopción de solucións de dixitalización para a súa realización en empresas galegas, cofinanciada polo FEDER. Este contrato estará composto polos seguintes lotes:



LOTE	OBXECTO
1	Servizos de análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora en empresas da provincia da Coruña
2	Servizos de análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora en empresas da provincia de Pontevedra
3	Servizos de análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora en empresas da provincia de Lugo e Ourense
4	Servizos de desenvolvemento estratéxico integral da empresa
5	Servizos de análise do cumprimento normativo e os riscos legais
6	Servizos de mellora da xestión financeira e procura de financiamento
7	Servizos de optimización da produción e cadea loxística
8	Servizos de asesoramento para o relanzamento comercial
9	Servizos de preparación de procesos certificables
10	Servizos de deseño e lanzamento de produtos e servizos innovadores
11	Servizos de protección da innovación
12	Servizos de asesoramento para o financiamento da innovación
13	Servizos para a definición dunha estratexia dixital da empresa
14	Servizos de definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme
15	Servizos de apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade
16	Servizos de apoio na adopción de solucións innovadoras con base nos contidos dixitais
17	Servizos de deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme
18	Servizo de control, avaliación e difusión do programa

Segunda.- Financiamento

Para o financiamento dos contratos que constitúen o obxecto deste convenio de colaboración cada unha das partes achegará os importes máximos, por anualidades, que se indican no cadro inserido a continuación, con cargo ás respectivas aplicacións orzamentarias:

CENTRO DIRECTIVO	PARTIDAS	2018	2019	2020	2018 con IVE	2019 con IVE	2020 con IVE	Total con IVE
IGAPE (lotes 1-12 e 18)	09.A1.741A.6404	14.000,00	1.401.750,0	1.401.750,00	16.940,00	1.696.117,50	1.696.117,50	3.409.175,00
AMTEGA (lotes 13-17)	04.A1.571A.640.0	0,00	622.000,00	370.000,00	0,00	752.620,00	447.700,00	1.200.320,00
Total		14.000,00 €	2.023.750,00	1.771.750,00	16.940,00 €	2.448.737,50	2.143.817,50	4.609.495,00

As actuacións correspondentes á Amtega recollidas neste convenio estarán cofinanciadas nun 80 % polo Feder Galicia 2014-2020, obxectivo temático 1.

As actuacións correspondentes ao Igape recollidas neste convenio estarán cofinanciadas ata un 80 % polo Feder Galicia 2014-2020, obxectivo temático 3.

Terceira. Compromisos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asume os seguintes compromisos no ámbito da empresa dixital:

- I. Realizar o financiamento e os pagamentos destes lotes do contrato, de acordo a seguinte distribución por anualidades (importes con IVE):

LOTES	2019	2020
Lote 13: Servizos para a definición dunha estratexia dixital da empresa	84.700,00 €	30.250,00 €
Lote 14: Servizos de definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade para a peme	174.240,00 €	116.160,00 €
Lote 15: Servizos de apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade	154.880,00 €	96.800,00 €
Lote 16: Servizos de apoio na adopción de solucións innovadoras con base nos contidos dixitais	164.560,00 €	102.850,00 €
Lote 17: Servizos de deseño dunha estratexia de marketing de contidos para a peme	174.240,00 €	101.640,00 €

- II. Participar de forma conxunta co Igape na elaboración dos pregos de cláusulas



administrativas particulares e de prescricións técnicas dos lotes descritos anteriormente.

- III. Participar de forma conxunta co Igape na Mesa de Contratación, que asiste ao órgano de contratación, nos lotes que participa a Amtega. Nestes lotes tamén participará persoal da Amtega na emisión dos informes técnicos.
- IV. Revisar e validar as actuacións realizadas na execución dos lotes adxudicados no ámbito da empresa dixital.
- V. Realizar os controis regulamentariamente estipulados de acordo coa natureza dos fondos cos que se financian as actividades.
- VI. Será responsable de aboarlle aos adxudicatarios dos lotes anteriores polos servizos prestados, nos termos establecidos nos contratos e segundo os prezos de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade.

Cuarta. Compromisos do Igape

O Igape asume os seguintes compromisos:

- I. Financiar as actuacións previstas destes lotes do contrato, de acordo a seguinte distribución por anualidades(importes con IVE):

LOTES	2018	2019	2020
Lote 1: Servizos de análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora en empresas da provincia de A Coruña	- €	88.935,00 €	88.935,00 €
Lote 2: Servizos de análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora en empresas da provincia de Pontevedra	- €	114.345,00 €	114.345,00 €
Lote 3: Servizos de análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora en empresas da provincia de Lugo e Ourense	- €	42.652,50 €	42.652,50 €
Lote 4: Servizos de desenvolvemento estratéxico integral da empresa	- €	326.700,00 €	326.700,00 €
Lote 5: Servizos de análise do cumprimento normativo e os riscos legais	- €	60.500,00 €	60.500,00 €
Lote 6: Servizos de mellora da xestión financeira e procura de financiamento	- €	157.905,00 €	157.905,00 €



Lote 7: Servizos de optimización da produción e cadea loxística	- €	201.465,00 €	201.465,00 €
Lote 8: Servizos de asesoramento para o relanzamento comercial	- €	157.905,00 €	157.905,00 €
Lote 9: Servizos de preparación de procesos certificables	- €	179.080,00 €	179.080,00 €
Lote 10: Servizos de deseño e lanzamento de produtos e servizos innovadores	- €	90.750,00 €	90.750,00 €
Lote 11: Servizos de protección da innovación	- €	96.800,00 €	96.800,00 €
Lote 12: Servizos de asesoramento para o financiamento da innovación	- €	145.200,00 €	145.200,00 €
Lote 18: Servizo de control, avaliación e difusión do programa	16.940,00€	33.880,00 €	33.880,00 €

- II. Ser o órgano de contratación e tramitar e adxudicar todos os lotes descritos do contrato administrativo, para o desenvolvemento e a execución das actuacións previstas no marco deste convenio, actuando no expediente de contratación e na execución do contrato no nome e por conta de todos os participantes.
- III. Revisar e validar as actuacións realizadas na execución dos lotes adxudicados no ámbito de desenvolvemento estratéxico, profesionalización e innovación.
- IV. Realizar os controis regulamentariamente estipulados de acordo coa natureza dos fondos cos que se financian as actividades.
- V. Facilitar á Amtega o acceso ás aplicacións informáticas do Igape, así como a información necesaria para a tramitación dos lotes financiados pola axencia, tanto no referido á valoración das solicitudes como para a xestión das subvencións concedidas.
- VI. Será responsable de aboarlle aos adxudicatarios dos lotes anteriores polos servizos prestados, nos termos establecidos nos contratos e segundo os prezos de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade

Quinta. Expediente de contratación

No expediente de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas mediante a incorporación deste convenio, así como dos certificados de existencia de crédito e a documentación que acredita a súa retención, ou documentos que legalmente os substitúan,



sen que sexa preciso a formalización de garantías.

O Igape será o órgano de contratación ao que lle corresponderá a tramitación e adxudicación do contrato e actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes con base neste convenio e exercerá todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coa Amtega.

Sexta. Modalidade de actuación no financiamento conxunto

A modalidade de actuación no financiamento conxunto que se aplica neste convenio é a prevista no artigo 16 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

O Igape e a Amtega quedarán obrigados respecto dos contratistas, concorrendo á cotitularidade do contrato, e serán responsables directos cada un deles da obriga de pagamento das cantidades comprometidas na cláusula segunda.

A Amtega será a responsable de aboarlle, aos adxudicatarios dos lotes 13, 14, 15, 16 e 17, a prestación dos servizos realizados nos termos establecidos nos contratos e segundo o prezo acordado.

O Igape será a responsable de aboarlle, aos adxudicatarios dos lotes 1 ao 12 e 18, a prestación dos servizos realizados nos termos establecidos nos contratos e segundo o prezo acordado.

Polo tanto, cada parte deste convenio deberá aboarlle ao contratista soamente a súa parte e non será responsable do aboamento da outra parte. Esta cuestión deberá constar expresamente nos correspondentes pregos da licitación.

Sétima. Participación conxunta

Na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou proxectos participarán conxuntamente o Igape e a Amtega.



O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que estará constituída por persoal do Igape e por persoal da Amtega. Tamén poderá participar persoal de ambas partes na emisión dos informes técnicos.

Oitava. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o momento que se extingan os contratos formalizados dos distintos lotes, con data límite do 30 de xuño de 2022, sen prexuízo das posibles prórrogas (por períodos anuais ata o máximo de 4 anos) que se acorden e instrumente a través dunha addenda a este Convenio na que se fixará a prórroga e os correlativos compromisos das partes.

Novena.- Seguimento da execución e impacto dos proxectos.

A fin de que as Partes poidan avaliar o desenvolvemento das actuacións, o Igape realizará o seguimento das prestacións e resultados derivados dos contratos que execute a entidade no marco do presente Convenio.

A estes efectos defínense os seguintes indicadores xerais:

O Igape comprométese a recoller os resultados correspondentes aos seguintes indicadores a data 31 de decembro de cada ano de vixencia do convenio.

	INDICADOR	Descrición
1	Nº de empresas	Número empresas que reciben axudas

Décima.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Amtega e dous representantes do Igape, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da



Área de Sociedade Dixital, ou persoa que a substitúa.

- Pola Igape, o seu director, ou persoas nas que deleguen, e o titular da dirección da Área de Competitividade, ou persoa que o substitúa.

Décimo primeira.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente convenio, que ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Polo Instituto Galego de Promoción
Económica
O director xeral

Pola Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia
A directora

Juan Cividanes Roger

Mar Pereira Álvarez